

Poetízate.- Antoloxía da poesía galega editada en Fóra de Xogo (Xerais) da man de Fran Alonso.

A poesía, esa arma arrojadiza

Se comezásemos dicindo: " Non se ama o que non se coñece" ou "Só é fermoso o fermoso cando alguén o mira" (que diría a Safo de Lesbos), estaríamos a empregar as premisas axeitadas das que tirar, para falarmos de *Poetízate* ? Penso en positivo, anque nunca chegaremos a coñecer de todo o obxecto amado...

O certo é que *Poetízate* estase a converter nun caderno de bitácora onde o tempo foi antologando a poesía galega. De seguro que non está toda, certo; máis o obxectivo (guiar e achegar á lectura) que se procura cos poemas que compoñen este libro, ten posto todos os seus atributos en funcionamento para que o fin asome (a lectura).

O fin último, o ansiado fin. Godot. A meta pretendida, mais... non nos estaremos a saltar algún chanzo antes de alcanzala?, é tan doado abrir os brazos e abrazar o fin así sen máis, é dicir, a lectura ? Agroman as dúbidas e a carreira cara á meta comeza a se truncar (....)

Xa que logo trocamos a pregunta: alguén sabe cal é a argola que non consegue encaixar na viaxe autor - lector, e máis concretamente na de poeta - lector de poesía?

Certamente coñecemos que son moitos os factores, moitas as respostas penduradas no aire, moitos os pensamentos e as chamadas perdidas das que depende a resposta máis, no fondo, todos sabemos que como mínimo a xogada non é tan sinxela. Urxe amosar as cartas máis altas das que dispoñemos neste asunto. Aquelas que soben dende a base coma pequenos grans e que agroman até se transformar garridos en tortas de millo novo...

- " *Poetízate* é unha antoloxía de poesía galega concibida e pensada para que ti, que non estás afeito a ler poesía, te adentes no xénero"- di Fran Alonso no seu limiar mentres a realidade é que Galiza está a editar libros de poesía nunha Galiza onde non se len poemas... Era preciso, polo tanto, construír unha guía que nos mostrase o tecido existente entre os silenzos e os versos, un itinerario de miradas nas que buscarnos a nós mesmos antes de emprender un labor docente con calquera novo lector. Con isto refírome a que *Poetízate*, ademais de ser un libro dirixido primordialmente para un público adolescente (non en van está editado nunha das coleccións máis frecuentadas e polo tanto preferidas deste sector) é un punto de referencia obrigado para calquera educador /a.

Fran Alonso achégase ao lector coma un guía certo que vai rachando cos tópicos que de cote lle son atribuídos á poesía: xénero romántico, aburrido, para tolos, somnífero... e opta por afirmar que a poesía non morde, senón que máis ben é un vehículo que nos achega ás cousas que nos forman día a día, ao orgánico e ao cotián. Posiblemente esa sexa unha fórmula útil e precisa, xa que unha das cualidades máis maravillosas coas que conta a poesía é a capacidade de facernos entender a vida. Pero, como facer para lle transmitir aos máis novos que a poesía é unha maravillosa compañeira de viaxe que non traizoa, que sempre permanece ? Termos un tanto abstractos de máis se non se escoitan dende o tempo previo á saída dos dentes, pois, a verdade, é que non existen os segredos nen as fórmulas matemáticas cando falamos de sensibilidade e de cariño. Dalgún xeito, a crenza en que de verdade a poesía (e a literatura en xeral) é precisa na vida de calquera persoa, así como a transmisión desta idea dende a naturalidade e a oralidade, serían vías máis que suficientes neste proceso de "chegar á meta". Mais movémonos en áreas móbiles.

En toda aprendizaxe é necesario un tempo de sensibilización, un fío que nos motive e que finalmente nos achegue á fin última. Nunca seremos lectores se alguén non nos pon un texto nos sentidos, se un ser próximo a nós non traballa no noso maxín o labor duplo do sementador - recolector. A poesía, a arma arrojadiza, a ferramenta coa que espertar a mente depende dun ensino previo dos códigos, dunha descodificación persoal. Por iso, o limiar que tece Fran Alonso non ten perda ningunha. É atinado e fala dende a proximidade, chama ao cambio dende o

referente. Convida ao desfrute daqueles lectores asiduos á Colección Fóra de Xogo e dos que aínda non o son, dos que deberían recomendar este libro tras facer un labor de sensibilización cos seus achegados máis cativos, e dos que aínda teñen que vivir o proceso da sensibilidade no propio corpo antes de recomendalo.

Con todo, *Poetízate* chama á esperanza e xa conta con lectores e recitadores dos textos que o forman en todos os pobos, cidades e aldeas de Galiza. Estase a converter nun libro de referencia do que xa non podemos prescindir. Así que xa o sabes, avisa a quen queiras e entra neste universo da interpretación da vida, *poetízate*.

Antía Otero